

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E
O CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA PARA A
PROMOCIÓN E MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS DA ACUICULTURA
ECOLÓXICA CERTIFICADA DE GALICIA NO ANO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Antonio Basanta Fernández, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten previsto formalizar co Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 26 de xullo ata o 15 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA), para a promoción e mellora da comercialización dos produtos da acuicultura ecolóxica certificada de Galicia no ano 2024.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son ás seguintes:

1. Acto de presentación da campaña

Acto público e mediático de carácter institucional:

- Convocatoria de prensa.
- Convocatoria do sector.
- Convocatoria distribución alimentaria.
- Decoración, degustación.

2. Actividade en espazo público

Realización dun evento en espazo público de maneira participativa, con degustacións, actividades e agasallos:

- Foodtruck e presenza de cociñeiros/as relevantes.
- Actividades con influencers para xerar contido de interese co público online.
- Actividades, xogos e agasallos co material promocional..
- Reparto de díptico informativo.

Será unha actividade que intentará ofrecer unha experiencia culinaria única que combine os alimentos da acuicultura ecolóxica coa influencia das redes sociais, creando un ambiente no que a gastronomía e conciencia ambiental se atopen. Os foodtrucks



coñecidos pola súa versatilidade e accesibilidades, son plataformas ideais para promover a oferta de alimentos ecolóxicos da acuicultura galega, desde algas recollidas de maneira responsable, mariscos (mexillóns) cultivados en contornas sostibles ata distintos produtos elaborados da acuicultura ecolóxica certificada. Os asistentes terán a oportunidade de probar unha variedade de pratos preparados con ingredientes seleccionados. Ademais, a presenza de influencers agrega un elemento de exclusividade e relevancia social ao evento. Estas personalidades, coa súa capacidade para influír nas opinións e comportamentos dos seus seguidores, poden amplificar a mensaxe de sustentabilidade e fomertar unha maior apreciación polos produtos do mar galego ecolóxicos. Coa súa participación non só aumenta a visibilidade do evento, senón que tamén ofrece unha oportunidade para educar a un público máis amplo sobre a importancia de elixir alimentos sostibles. Ao combinar a innovación culinaria poder da influencia social, este evento será un recordatorio de que cada elección que facemos na nosa mesa pode ter un impacto significativo no mundo que nos rodea.

3. Material de promocional

Realizaráse unha edición de material promocional e/ou merchandising para a campaña “ecolóxicos a mares” poñendo o foco nos produtos e nos valores da acuicultura ecolóxica de Galicia, para iso, vaise diseñar unha imaxe gráfica asegurándose a cohesión do deseño en diversos formatos, como bolsas da compra, camisetas, delantais, pegatinas e folletos informativos. O obxectivo é xerar un impacto visual forte e comunicar de maneira efectiva as vantaxes da acuicultura, impulsando así a notoriedade da campaña e estimulando o interese do público, tanto consumidores como clientes sectoriais potenciais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

O Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) é o órgano encargado do control e certificación das producións ecolóxicas en Galicia. O CRAEGA, no seu Regulamento de Funcionamento, publicado no DOG de 14 de abril de 2009, prevé coma unha das súas funcións a de difundir o coñecemento e a aplicación dos sistemas de produción ecolóxica e dos produtos ecolóxicos.



Que por canto a Consellería do Mar e o CRAEGA están interesados na potenciación do sector dos produtos da acuicultura ecolóxica certificada en Galicia, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta actividade, cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción dos produtos ecolóxicos do mar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

